



**CONVOCATORIA DAS  
PROBAS DE ACREDITACIÓN DE COMPETENCIA LINGÜÍSTICA NIVEL B1  
CURSO ACADÉMICO 2011/2012**

O Consello de Goberno na súa sesión de 4 de xullo de 2008 aprobou a normativa que rexe o recoñecemento de créditos ao abeiro do artigo 12.8 do Real Decreto 1393/2007, do 29 de outubro, e das liñas xerais da USC para a elaboración das novas titulacións. O dito acordo foi actualizado, no referente a o recoñecemento de estudos de idiomas, polo Acordo do Consello de Goberno do 22 de decembro de 2011. Nestes documentos establecece o sistema de acreditación de coñecementos de lingua estranxeira para a obtención do título do Grao na USC. Por outra banda, a normativa que regula o Máster de Profesorado de Secundaria establece que os alumnos deberán acreditar o nivel B1 dunha lingua estranxeira.

En función do anterior, a Universidade de Santiago de Compostela, a parte de ofertar cursos de idiomas estranxeiros que acreditan o nivel B1 según o Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCER) a través do seu Centro de Linguas Modernas, fai a convocatoria no curso académico 2011/2012 en dúas tandas de probas de acreditación de competencia lingüística, Nivel B1, de acordo có nivel MCER. As probas realizaranse polo Centro de Linguas Modernas da USC en febreiro e en xuño-xullo 2012 según o calendario anexo.

**PRIMEIRO.- QUEN PODE PRESENTARSE**

**1.1.-** As probas para a acreditación na USC do nivel B1 de idioma de acordo có nivel de referencia establecido polo Marco Común Europeo para as Linguas están abertas aos alumnos de ensino superior que o desexen.

**1.2.-** Dado que existen prazas limitadas, no caso que a demanda sexa maior que a oferta terán preferencia os interesados de acordo a seguinte orde de prelación:

**1º.-** Os alumnos de titulacións de grao da USC a quen lles reste para obter o título, exclusivamente, acreditar o nivel de idioma.

**2º.-** Resto de alumnos de titulacións de grao da USC ordenándose as solicitantes en función do maior número de créditos superados na titulación na que se atopen matriculados.

**3º.-** Alumnos matriculados na USC no curso 2011-12 noutras titulacións ordenándose as solicitudes en función da media do expediente académico na que se atopen matriculados.

**4º.** No caso de prazas vacantes, abríase para outros interesados aínda que non sexan alumnos da USC, adxudicándose as prazas por orde de presentación das solicitudes electrónicas.

**1.3.-** Cada alumno poderá presentarse máximo 4 veces á mesma proba.

**1.4.-** Os efectos da acreditación do nivel B1 de idioma na USC, están eximidos da realización destas probas as alumnas e alumnos que acrediten ter o nivel B1 de acordo co establecido no Marco Común Europeo de Referencia. Isto pódese concretar en cursos e certificacións que se recollen no anexo a esta convocatoria

## **SEGUNDO.- MATRÍCULA E PRAZAS**

**2.1.-** A matrícula, realizarase por internet a través da secretaría virtual do alumno. No momento de matricularse, o alumno deberá indicar ademais dos seus datos persoais, titulación e curso, a lingua estranxeira (inglés, francés, alemán, italiano, portugués, checo ou ruso) da que se quere examinar e o campus da súa preferencia para a realización da proba (Santiago ou Lugo).

No campus de Lugo só será posible realizar as probas de inglés, francés e alemán.

**2.2.-** Soamente poderán realizar a proba aqueles alumnos que se inscribieran en forma e prazo.

**2.3.-** Aquelas persoas que requiran algún tipo de atención especial para facer estas probas por algún tipo de impedimento físico ou doutra natureza deberán facelo constar no momento da matrícula, achegando o correspondente certificado médico.

**2.4.-** O número total de prazas para a realización destas probas en cada un dos campus será o establecido no anexo.

## **TERCEIRO.- DEREITOS DE EXAME**

**3.1.-** As tarifas pola realización das probas será de 10 euros para os alumnos matriculados en estudos de Grao. Para o resto dos alumnos de licenciatura ou equivalente na USC será de 30 euros. A realización desta proba con dereito a acreditación específica para os que non sexan alumnos da USC implicará o pagamento dunha tarifa de 50 euros. Os alumnos admitidos deberán aboar os prezos no prazo sinalado no Anexo.

**3.2.-** Os alumnos admitidos nas probas que non estean incluídos no ámbito de cobertura do seguro escolar para o curso 2011-12 ou polo seguro obrigatorio deberán subscribir o seguro obrigatorio establecido por Acordo do Consello de Goberno de 26 de xuño de 2009.

**3.3.-** Finalizado o prazo de matrícula os alumnos inscritos que non aboaran os prezos decaerán no seu dereito de presentarse ó exame e de ser avaliados.

#### **CUARTO.- CALENDARIO DAS PROBAS**

As probas terán lugar consonte o calendario anexo se ben as horas e lugares concretos de celebración destas probas anunciaranse unha vez rematado o prazo de matrícula e feita a selección dos alumnos admitidos ás probas e se teña unha estimación concreta dos alumnos matriculados para cada lingua estranxeira.

#### **QUINTO.- CUALIFICACIÓN**

4.1.- A cualificación outorgada será de **APTO / NON APTO**.

4.2.- A proba escrita será eliminatória de xeito que soamente aqueles alumnos que obtiveran unha cualificación satisfactoria nela poderán realizar o exame oral.

#### **SEXTO.- CERTIFICACIÓN**

6.1.- A superación das probas figurará nos expedientes académicos dos alumnos de grao da USC.

Asemade, os alumnos que non sexan de grao e os que non sexan alumnos da USC se lles expedirá un certificado ou diploma acreditativo da superación das probas consonte o modelo que se engade como anexo.

#### **SÉPTIMO.- INFORMACIÓN E ATENCIÓN AOS ALUMNOS**

A difusión desta convocatoria farase polos seguintes canles: taboleiros e webs da Oficina de Información Universitaria OIU nos Campus de Santiago e Lugo <[www.usc.es/oiu](http://www.usc.es/oiu)>, taboleiro web do CLM da USC <[www.usc.es/clm](http://www.usc.es/clm)>.

No caso de ter problemas técnicos na secretaría virtual do alumno, as consultas dirixiránse por correo-e ao enderezo [cau@usc.es](mailto:cau@usc.es), ou a ext. 55555.


Para as consultas sobre a listaxe dos admitidos, o alumnado dirixirase ao Servizo de Xestión Académica (SXA) [sxa@usc.es](mailto:sxa@usc.es),

Para as consultas sobre as probas o alumnado dirixirase ao Centro de Linguas Modernas (CLM) [clm@usc.es](mailto:clm@usc.es)

**Disposición Adicional.**- Na primeira convocatoria, a celebrar no mes de febreiro de 2012, admitiranse as inscricións dos alumnos que solicitaran participar en convocatorias anteriores e non efectuaran a súa matrícula, sempre que concorreran aos exames e se teña constancia na USC de tal presentación.

Santiago de Compostela, 3 de xaneiro de 2012.

**O Reitor**



Juan J. Casares Long



**PLAZAS POR IDIOMA E CAMPUS  
PARA CADA UNHA DAS CONVOCATORIAS**

|           | Santiago de Compostela | Lugo |
|-----------|------------------------|------|
| Alemán    | 80                     | 20   |
| Checo     | 20                     | --   |
| Francés   | 80                     | 20   |
| Inglés    | 200                    | 40   |
| Italiano  | 40                     | --   |
| Portugués | 40                     | --   |
| Ruso      | 20                     | --   |

**CALENDARIO DAS PROBAS DE ACREDITACIÓN DE COMPETENCIA  
LINGÜÍSTICA nivel B1**

**CURSO ACADÉMICO 2011/2012**

| CONVOCATORIA                                      | FEBREIRO           | XUÑO                       |
|---|--------------------|----------------------------|
| Matrícula   | 9/01 ao 20/01/2012 | 14/05/2012 ao<br>7/06/2012 |
| Publicación listaxe de admitidos e excluídos      | 23/01/2012         | 9 /06/2012                 |
| Presentación das reclamacións                     | 23-25/01/2012      | 9 -12 /06/2012             |
| Prazo de abono dos prezos de matrícula            | 25-27/01/2012      | 9 -12 /06/2012             |
| Publicación definitiva dos admitidos e excluídos  | 31/01/2012         | 18/06/2012                 |
| Probas escritas                                   | 3/02/2012          | 22/06/2012                 |
| Publicación dos resultados das probas escritas    | 8/02/2012          | 27/06/2012                 |
| Revisión das probas escritas                      | 8-10/02/2012       | 28/06/2012                 |
| Publicación definitiva resultados probas escritas | 10/02/2012         | 29/06/2012                 |
| Probas orais                                      | 13-14/02/2012      | 2-3/07/2012                |
| Publicación das cualificación finais              | 15/02/2012         | 4/07/2012                  |
| Revisión dos exames                               | 15-17/02/2012      | 5/07/2012                  |
| Publicación das calificacións definitivas         | 17/02/2012         | 6/07/2012                  |

**TITULOS QUE ACREDITAN O NIVEL B1**

Quedarán eximidos da realización destas probas os alumnos e alumnas que acrediten ter o nivel B1, de acordo co establecido no Marco Común Europeo de Referencia. Isto pódese concretar en cursos e certificacións como segue:

**Inglés**

| MCER | Título  |
|------|---|
| B1   | <p>CLM (Centro de Linguas Modernas da USC): Nivel 5 (B1.2) ou superior</p> <p>Documentos acreditativos de superación do B1 ou superiores expedidos polas universidades públicas españolas</p> <p>EOI (Escola Oficial de Idiomas): Certificado de Nivel Intermedio 2 (R.D.1629/2006) e 3º curso Ciclo Elemental (R.D. 967/1988) ou superior</p> <p>Diploma PET (Preliminary English Test)</p> <p>Diploma FCE (First Certificate in English)</p> <p>Diploma CAE (Certificate in Advanced English)</p> <p>Diploma CEP (Certificate of English Proficiency)</p> <p>Diploma BEC 1: Preliminary ou superior</p> <p>TOEFL PBT: 457 puntos ou superior</p> <p>TOEFL CBT: 137 puntos ou superior</p> <p>IBT TOEFL: 57 puntos ou superior</p> <p>TOEIC: 550 puntos ou superior</p> <p>IELTS: 3.5 ou superior</p> <p>TRINITY: ISE I ou superior</p> <p>BULATS: 40 puntos ou superior</p> <p>LTE: Level 2</p> <p>TELC: B1</p> |

**Francés**

| MCER | Título   |
|------|--|
| B1   | <p>CLM (Centro de Linguas Modernas da USC): Nivel 5 (B1.2) ou superior</p> <p>Documentos acreditativos de superación do B1 ou superiores expedidos polas universidades públicas españolas</p> <p>EOI (Escola Oficial de Idiomas): Certificado de Nivel Intermedio 2 (R.D.1629/2006) e 3º curso Ciclo Elemental (R.D. 967/1988) ou superior</p> |

| MCER | Título   |
|------|--|
|      | Diploma DELF B1 (Diplôme d'Études en Langue Française) ou superior<br>Diploma TCF Niveau 3 (300-399 pts)<br>Diploma Alliance Française CEFP 2 (Certificat d'Études en Français Pratique 2) |

#### Alemán

| MCER | Título  |
|------|---|
| B1   | CLM (Centro de Linguas Modernas da USC): Nivel 5 (B1.2) ou superior<br>Documentos acreditativos de superación do B1 ou superiores expedidos polas universidades públicas españolas<br>EOI (Escola Oficial de Idiomas): Certificado de Nivel Intermedio 2 (R.D.1629/2006) e 3º curso Ciclo Elemental (R.D. 967/1988) ou superior<br>Diploma ZD (Zertifikat Deutsch) ou superior<br>Diploma (ZD j) (Zertifikat Deutsch für Jugendliche) ou superior |

#### Italiano

| MCER | Título  |
|------|---|
| B1   | CLM (Centro de Linguas Modernas da USC): Nivel 2 (B1.2) ou superior<br>Documentos acreditativos de superación do B1 ou superiores expedidos polas universidades públicas españolas<br>EOI (Escola Oficial de Idiomas): Certificado de Nivel Intermedio 2 (R.D.1629/2006) e 3º curso Ciclo Elemental (R.D. 967/1988) ou superior<br>Diploma CELI 2 (Certificato di Conoscenza della Lingua Italiana Livello 2) ou superior<br>Diploma CILS 1 ou superior<br>Diploma PLIDA B1 ou superior |

#### Portugués

| MCER | Título   |
|------|--|
| B1   | CLM (Centro de Linguas Modernas da USC): Nivel 2 (B1.2) ou superior<br>Documentos acreditativos de superación do B1 ou superiores expedidos polas universidades públicas españolas<br>EOI (Escola Oficial de Idiomas): Certificado de Nivel Intermedio 2 (R.D.1629/2006) e 3º curso Ciclo Elemental (R.D. 967/1988) ou superior<br>DEPLE (Diploma Elemental de Português Língua Estrangeira) ou superior |

**MODELO ACREDITACIÓN**

PROBAS DE COMPETENCIA LINGÜÍSTICA  
ACREDITACIÓN DO IDIOMA CORRESPONDENTE Ó NÍVEL B1

**D./Dona .....**, Secretario/a Xeral da Universidade de Santiago de Compostela,

CERTIFICO QUE:

O/A alumno/a: «**Alumno**» con D.N.I.: «**DNI**» que cursa/cursou os estudos de: «**Estudios\_galego**» ten superada nesta universidade no mes de <<mes>> de <<ano>> a Proba de Competencia Lingüística correspondente ao nivel B1 realizada polo Centro de Linguas Modernas da Universidade de Santiago de Compostela.

IDIOMA: «**Idioma**»

CUALIFICACIÓN: «**Calificación**»

E para que así conste, a petición do/a interesado/a, expídese a presente certificación, previa comprobación da exactitude dos datos de referencia polo Xefe da Unidade de Xestión Académica onde se custodian, que o asina por delegación en Santiago de Compostela a,.....

O Xefe da Unidade de Xestión Académica do Campus Sur  
(P.D.R. da Secretaría Xeral de 14-07-2003, DOG núm. 158 do 18 de Agosto)

Asdo/Fdo.:



PRUEBAS DE COMPETENCIA LINGÜÍSTICA  
ACREDITACIÓN DE IDIOMA CORRESPONDIENTES AL NIVEL B1

D./Dona ....., Secretario/a Xeral da Universidade de Santiago de Compostela,

CERTIFICO QUE:

El/la alumno/a: «**Alumno**» con D.N.I.: «**DNI**» que cursa/cursó los estudios de: «Estudios» tiene superada en esta universidad en el mes de <<mes>> de <<año>> la Prueba de Competencia Lingüística correspondiente al nivel B1 realizada por el Centro de Lenguas Modernas de la Universidad de Santiago de Compostela.

IDIOMA: «**Idioma**»

CALIFICACIÓN: «**Calificación**»

Y para que así conste, a petición del/a interesado/a, se expide la presente certificación, previa comprobación de la exactitud de los datos de referencia por el Jefe de la Unidad de Gestión Académica donde se custodian, que lo firma por delegación en Santiago de Compostela a.....

El Jefe de la Unidad de Gestión Académica del Campus Sur  
(P.D.R. de la Secretaria General de 14-07-2003, DOG núm. 158 del 18 de Agosto)

Asdo/Fdo.: